

# Programación didáctica do Departamento de Inglés

## Información básica

C.P.I. Plurilingüe de Vedra  
Ano escolar 2022 - 2023

### 2º ESO

[Obxectivos](#)

[Contidos mínimos](#)

[Temporalización](#)

[Criterios de calificación](#)

### 4º ESO

[Obxectivos](#)

[Contidos mínimos](#)

[Temporalización](#)

[Criterios de calificación](#)

## 2º ESO

### OBXECTIVOS

#### **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos.
2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.
3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.
4. Distingue, co apoio da imaxe, e con certa dificultade, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas moi sinxelos ou do seu interese inmediato.
5. Identifica, aínda que sexa parcialmente, o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas.
6. Comprende a lo menos parte dunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.
7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez.

#### **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

1. Interactúa ás veces nas actividades de aula e intenta intervir na lingua estranxeira.
2. Amona unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
3. Fai presentacións breves e ensaiadas, medianamente ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guiado n sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese.
4. Desenvólvese medianamente ben en xestións e transaccións cotiáns, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando.
5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas e pide e dá indicacións ou instrucións.
6. Colabora coas demais persoas na interacción, e manifesta interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras.
7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela e traballado previamente, e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando.

#### **Bloque 3: Comprensión de textos escritos**

1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións moi sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos ( por exemplo móbiles, ordenador..).
2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito

simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico.

3. Entende dunha forma aceptable a información esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.

4. Comprende parcialmente correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

5. Entende a información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).

6. Comprende aínda que non ó 100% textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.

#### **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc.

2. Escribe sen erros básicos textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.

3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.

4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais.

5. Escribe, aínda que non con absoluta corrección, correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.

6. Procura facer unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

#### **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

1. Procura utilizar a lingua estranxeira nas súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender aínda que con repeticións.

2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.

3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.)

4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

5. Nas actividades de aula trata de relacionar para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos da mesma.

6. Comunica, aínda que con dificultades, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).

7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

## CONTIDOS GRAMATICAIS MÍNIMOS

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to + infinitive; for*); comparación (*as/not so +Adj. + as; more comfortable/quickly, faster (than); the fastest*); resultado (*so...*); condición (*if; unless*).
- Relacións temporais (*as soon as; while*).
- Afirmación (*affirmative sentences; tags*)
- Exclamación (*What + Adj. + noun, e. g. What a wonderful trip!; How + Adj., e. g. How amazing!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great! Terrific!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. never mind, not to worry), nobody, nothing; negative tags*).
- Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; ; presente (present simple and continuous); futuro (going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e. g. usually); used to*); incoativo (*start -ing*); terminativo (*stop -ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able*); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*could; allow*); intención (*present continuous*).
- Expresión da existencia (*e. g. there is, are, was, were*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners*); a calidade (*e. g. good at maths; rather tired*).
- Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. all (the), most, both, none. Degree: e. g. really; quite; so; a little*).
- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*points (e. g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estafe; duration (from...to; during; until; since); anteriority , posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually)*).
- Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post*).

## TEMPORALIZACIÓN

2º ESO			
	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
	Units 1 - 3	Units 4 - 6	Units 7 - 9
<b>BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS (listening)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Phone conversations</li> <li>- A conversation about an e-pal site</li> <li>- A museum tour</li> <li>- Downloading songs</li> <li>- A conversation about a concert</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A trivia game</li> <li>- Telling a story</li> <li>- A weather forecast</li> <li>- A conversation about a world record</li> <li>- Talking about a problem</li> <li>- A conversation about a health matter</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Discussing an endangered animal</li> <li>- Talking about animals</li> <li>- Talking about problems</li> <li>- Talking about plans</li> <li>- Talking about jobs</li> <li>- A conversation about the future</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN (speaking &amp; pronunciation)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Talk about likes and dislikes</li> <li>- Get information</li> <li>- Talk about current activities</li> <li>- Describe pictures</li> <li>- Make recommendations</li> <li>- Describe past events</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ask for information</li> <li>- Talk about past experiences</li> <li>- Talk about the weather</li> <li>- Describe past events</li> <li>- Give advice</li> <li>- Make suggestions</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Talk about animals</li> <li>- Ask for help</li> <li>- Make plans</li> <li>- Make predictions</li> <li>- Talk about the future</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS (reading)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- An internet article</li> <li>- A class survey</li> <li>- map skills</li> <li>- A magazine article</li> <li>- A sports article</li> <li>- A powerpoint presentation</li> <li>- An opinion page</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A Q&amp;A website</li> <li>- map skills</li> <li>- A class poll</li> <li>- News reports</li> <li>- Letters to a magazine</li> <li>- Forum posts</li> <li>- A health magazine article</li> <li>- A class survey</li> <li>- A web page</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A school report</li> <li>- a class poll</li> <li>- Map skills</li> <li>- A website</li> <li>- An E-zine article</li> <li>- A questionnaire</li> <li>- An infographic</li> <li>- A chart</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN (writing)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- An e-mail to <i>introduce yourself</i></li> <li>- Capital letters and punctuation</li> <li>- A photo description</li> <li>- Linking words: <i>and, but, because, or</i></li> <li>- A class survey</li> <li>- A description of an event</li> <li>- Word order: subject / verb / adjective.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A blog entry</li> <li>- Connectors of sequence</li> <li>- A narrative</li> <li>- Referencing</li> <li>- A class survey</li> <li>- A health <i>advice column response</i></li> <li>- Opening sentence</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A report</li> <li>- Closing sentence</li> <li>- Weekend plans</li> <li>- Body of a paragraph</li> <li>- A life prediction</li> <li>- checking for mistakes</li> </ul>

<b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILÍNGÜE E INTERCULTURAL (vocabulary, grammar &amp; culture)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- School subjects, timetable, menus...</li> <li>- Verbs. Talk about feelings.</li> <li>- Adjectives of personality</li> <li>- Music</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Parts of the body</li> <li>- Weather. Talk about the weather</li> <li>- Health</li> <li>- Food</li> <li>- Disasters</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Adjectives</li> <li>- Animals</li> <li>- Computers</li> <li>- Technology verbs</li> <li>- Talk about computers and technology</li> <li>- Jobs</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Present simple</li> <li>- Question words</li> <li>- Present continuous</li> <li>- Present simple / present continuous</li> <li>- <i>There was / there were</i></li> <li>- Past simple: affirmative</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Past simple: negative and interrogative</li> <li>- Past continuous</li> <li>- Modals</li> <li>- Talk about <i>abilities, obligations</i> and <i>prohibitions</i></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comparative adjectives</li> <li>- Articles and quantifiers</li> <li>- <i>be going to</i></li> <li>- Present cotinuous with future meaning</li> <li>- <i>Will</i></li> <li>- First conditional</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- In the classroom</li> <li>- Famous people, Ordinary jobs.</li> <li>- Music of the world</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dragons</li> <li>- It's getting warmer</li> <li>- Watch out for Gemma</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Super animals</li> <li>- New or Nice?</li> <li>- It's just a job</li> </ul>

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A observación directa do traballo diario realizado polos alumnos proporcionaranos unha valiosa información sobre aspectos actitudinais e outros de carácter conceptual e procedimental.

1. O grao de comprensión dos contidos.
2. A realización de tarefas marcadas.
3. Realización de actividades individuais.
4. Realización de traballos colaborativos e grao de implicación nos mesmos.
5. Grao de participación en clase, presentación de traballos e actividades complementarias.
6. Observación diaria do comportamento e a actitude do alumno na aula, así como a regularidade na asistencia a clase.

Nos exercicios específicos de “destrezas” terase en conta ademáis do coñecemento e aplicación dos contidos requeridos o coñecemento da linguaxe específica e o seu dominio, a claridade na expresión dos conceptos e a coherencia das redaccións ou expresións.

A actitude ante a materia así como cara aos compañeiros (atención, participación, entrega de traballos nos prazos indicados así como a realización dos mesmos na aula, respectar e coidar o entorno da aula, etc.) teráse en conta na nota total de cada avaliación.

PROBAS ESCRITAS e ORAIS: A cualificación do alumnado realizaráse preferentemente mediante o resultado das probas específicas de avaliación, e das tarefas directamente relacionadas co desenvolvemento das catro destrezas básicas que se cualificarán de acordo ao seguinte baremo:

• Comprensión oral (Listening) . . . . .	15%
• Expresión oral (Speaking) . . . . .	15%
• Comprensión escrita (Reading). . . . .	20 %
• Expresión escrita (Writing) . . . . .	20%
. Gramática e Vocabulario . . . . .	30%

É requisito para aprobar a materia de inglés obter un mínimo de 2 puntos sobre 10 ( 20% ) en cada apartado.

No caso de que por algún motivo: organizativo, non se fixese a proba específica de Speaking, a porcentaxe correspondente repartiríase entre as tres destrezas restantes.

Neste curso a ponderación das distintas avaliacións para obter a cualificación final ordinaria do curso será a seguinte:

- 1ª Avaliación : 20%
- 2ª Avaliación : 30%
- 3ª Avaliación : 50%

É requisito para aprobar a materia obter unha calificación mínima de 5 sobre 10 na terceira avaliación.

A lectura do libro e os distintos projects, sexan escritos ou orais, que se podan desenvolver ao longo do curso integraránse nas cualificacións das diferentes destrezas; por exemplo, o libro na destreza Reading e se tivesen que facer unha redacción ou resumo sobre el integraríase tamén na destreza de Writing. Unha exposición oral formaría parte así mesmo da destreza Speaking.

Considérase que a actitude positiva (colaboración, respecto, interés , convivencia ) inclúe valores que deben ser requisito fundamental para obter unha boa cualificación, non tanto en canto aos contidos da materia, se non ao feito de saber ser alumno e formar parte da comunidade educativa.

O alumnado que teña implementada unha ACS ( Adaptación Curricular Significativa) terá unha avaliación específica, referida e adaptada aos seus propios obxectivos e contidos mínimos.

O alumnado con TDH, TDA, TDHA, TEA... terá as adaptacións necesarias según corresponda para que a aprendizaxe se desenvolva nas mellores condicións posibles.

## 4º ESO

### OBXECTIVOS

#### **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

1. Axusta o seu proceso de comprensión ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.)
2. Distingue, con apoio visual ou escrito, e aínda que con certas carencias, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países).
3. Identifica a idea principal de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión.
4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información,
5. Identifica algunhas das ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.
6. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles.
7. Comprende o máis relevante dunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.
8. Comprende o máis importante, dunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos.

#### **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

1. Utiliza expresións memorizadas ou fixas, adaptadas ó seu nivel, para entender e facerse entender.
2. Nas actividades de aula, ás veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira, aínda que non con perfección e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
3. Fai presentacións breves, medianamente ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, Power Point), sobre aspectos concretos de temas do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade aceptable.
4. Consegue desenvolverse medianamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estada noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e intenta solicitar información, axuda ou explicacións.
5. Participa a un nivel medio en conversas informais cara a cara, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e expresa brevemente aínda que teña algún erro, opinións e puntos de vista; narra e describe con certa fluidez, aínda que non con toda corrección, feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle.
6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.



### **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

1. Nas actividades de lectura da aula, infire significados a partir do seu coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.).
2. Procura e entende parcialmente información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos ós seus intereses.
3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo).
4. Recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, sempre que poida reler as seccións difíciles.
5. Comprende aceptablemente correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.
6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro).
7. Identifica a maior parte da información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional).
8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela.

### **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

1. Escribe, sen erros básicos, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.
2. Escribe correspondencia formal básica nun nivel de corrección medio, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos.
3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves con poucos erros, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenil, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía.
4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas, ou feitos imaxinarios, cunha certa corrección.
5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa).
6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass.
7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese.
8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

### **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

1. Exprésase cunha pronunciación bastante clara e comprensible, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.
2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a

comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.

3 Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.

4 Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

5 Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais.

6 Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente para evitar a repetición léxica.

7 Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

## CONTIDOS GRAMATICAIS MÍNIMOS

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to + infinitive; for*); comparación (*as/not so + Adj. + as; more comfortable/quickly, faster (than); the fastest*); resultado (*so...*); condición (*if; unless*); estilo indirecto (*reported information, offers, suggestions and commands*).
- Relacións temporais (*the moment (she left); while*).
- Be used to/ get used to.
- Afirmación (*affirmative sentences; tags; Me too; Think/Hope so*).
- Exclamación (*What + (Adj. +) noun, e. g. What beautiful horses!; How + Adv. + Adj., e. g. How very nice!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, no (Noun, e. g. no chance), nobody, nothing; negative tags; me neither*).
- Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is the book about?; tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect; past perfect*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect; and future continuous*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e. g. every Sunday morning); used to*); incoativo (*be about to*); terminativo (*stop -ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able*); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*may; could; allow*); intención (*present continuous*).
- Expresión da existencia (*e. g. there could be*); la entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic, one(s); determiners*); a cualidade (*e. g. pretty good; much too expensive*).
- Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. lots/plenty (of)*).

Degree: e. g. *absolutely; a (little) bit*).

- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*points (e. g. at midnight), divisions (e. g. term), and indications (ago; early; late) of time; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, second, after that, finally); simultaneousness (just when); frequency (e. g. twice/four times a week; daily)*).
- Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. carefully; in a hurry*).
- Relative Clauses
- Uso de conectores causales, temporales, concesivos... nivel intermedio
- *Have/get causative. Passive Voice*
- *Phrasal verbs*.
- *Gerund and infinitive*.
- *.Reported Speech*

## TEMPORALIZACIÓN

4º ESO			
	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
	Units 1 - 3	Units 4 - 6	Units 7 - 9
<b>BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS (listening)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- a conversation about a festival</li> <li>- an interview</li> <li>- a discussion about a language</li> <li>- a film review</li> <li>- a mystery tour</li> <li>- school presentations</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- a quiz</li> <li>- a radio programme</li> <li>- a news report</li> <li>- a conversation in a shop</li> <li>- a radio interview</li> <li>- a survey</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- a discussion about health</li> <li>- a discussion about health problems</li> <li>- a discussion about an experiment</li> <li>- a dialogue about an experience</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN (speaking &amp; pronunciation)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- talking about plans</li> <li>- comparing activities</li> <li>- interviewing</li> <li>- /ɪ/, /e/</li> <li>- doing a trivia quiz</li> <li>- giving information</li> <li>- talking about films</li> <li>- /s/, /k/, /tʃ/</li> <li>- discussing the news</li> <li>- telling a story</li> <li>- talking about unusual phenomena</li> <li>- /w/, /j/, /p/, /əʊ/, /ɔ:/</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- comparing behaviour</li> <li>- expressing regret</li> <li>- talking about problems and solutions</li> <li>- /dʒ/, /g/</li> <li>- describing a product</li> <li>- talking about the future</li> <li>- making a decision</li> <li>- /tʃ/, /ʃ/, /dʒ/</li> <li>- reporting what people said</li> <li>- reporting a conversation</li> <li>- conducting a survey</li> <li>- /θ/, /ð/, /ʊ/, /u:/</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- speculating</li> <li>- talking about health</li> <li>- talking about pictures</li> <li>- /i:/, /aɪ/</li> <li>- talking about senses</li> <li>- talking about yourself</li> <li>- discussing an experience</li> <li>- /ʌ/, /æ/, /u:/</li> </ul>

<b>BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS (reading)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- The sky is our limit: wingsuit jumping</li> <li>- school</li> <li>- a brochure</li> <li>- Game of Thrones</li> <li>- A TV review</li> <li>- The Green Children</li> <li>- An article</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ants: all for one and one for all!</li> <li>- an infographic</li> <li>- consumers: watch out</li> <li>- a web page</li> <li>- cleaning up the sea</li> <li>- a special interest report</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- from Coma to coldplay</li> <li>- an online article</li> <li>- Traveleyes: through someone else's eyes</li> <li>- A blog entry</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN (writing)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- a report about a person</li> <li>- connectors of cause and connectors of effect</li> <li>- a film review</li> <li>- connectors of contrast</li> <li>- a narrative</li> <li>- connectors of sequece</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- a formal e-mail about a problem</li> <li>- formal language</li> <li>- an opinion essay</li> <li>- expressions to state opinions</li> <li>- a travel post</li> <li>- connectors of addition</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- an informal e-mail</li> <li>- informal opening and closing remarks</li> <li>- a description of an experience</li> <li>- adjectives and adverbs</li> <li>- a formal e-mail of application</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- risks and dangers</li> <li>- adjectives</li> <li>- royalty</li> <li>- films and television</li> <li>- mysteries</li> <li>- natural and supernatural phenomena</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- social interaction</li> <li>- city life</li> <li>- marketing</li> <li>- shopping</li> <li>- environment</li> <li>- recycling</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- parts of the body</li> <li>- health problems</li> <li>- the senses</li> <li>- descriptive adjectives</li> </ul>

<p><b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILÍNGÜE E INTERCULTURAL (vocabulary, grammar &amp; culture)</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- future tenses</li> <li>- future continuous</li> <li>- relative clauses</li> <li>- <i>some / any / no</i> compounds</li> <li>- present perfect simple / past simple</li> <li>- past perfect simple / past simple / <i>used to</i></li> <li>- Media: on the front line</li> <li>- giving warnings</li> <li>- safety instructions</li> <li>- Culture: Pop star Royalty</li> <li>- meeting friends</li> <li>- a presentation</li> <li>- Culture: what's in a name?</li> <li>- UK and US English</li> <li>- online posts</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- first and zero conditional, time clauses</li> <li>- second and third conditional</li> <li>- the passive</li> <li>- reported speech</li> <li>- reporting verbs</li> <li>- social studies: let's fight back</li> <li>- interviewing</li> <li>- a questionnaire</li> <li>- Economics: the money in our pocket</li> <li>- buying and selling</li> <li>- messaging</li> <li>- Environment: Galápagos - a remote paradise</li> <li>- checking in at a hotel</li> <li>- adverts</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- modals</li> <li>- gerunds and infinitives</li> <li>- Technology: an App for phobias</li> <li>- going to the doctor</li> <li>- an e-mail</li> <li>- Culture: london a multicultural city</li> <li>- giving directions</li> <li>- a web page</li> <li>- Social studies: Getting ready for your future</li> <li>- Planning your future</li> <li>- an online CV</li> </ul>
---	---	--	---

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A observación directa do traballo diario realizado polos alumnos proporcionaranos unha valiosa información sobre aspectos actitudinais e outros de carácter conceptual e procedimental.

1. O grao de comprensión dos contidos.
2. A realización de tarefas marcadas.
3. Realización de actividades individuais.
4. Realización de traballos colaborativos e grao de implicación nos mesmos.
5. Grao de participación en clase, presentación de traballos e actividades complementarias.
6. Observación diaria do comportamento e a actitude do alumno na aula, así como a regularidade na asistencia a clase.

Nos exercicios específicos de “destrezas” terase en conta ademáis do coñecemento e aplicación dos contidos requeridos o coñecemento da linguaxe específica e o seu dominio, a claridade na expresión dos conceptos e a coherencia das redaccións ou expresións.

A actitude ante a materia así como cara aos compañeiros (atención, participación, entrega de traballos nos prazos indicados así como a realización dos mesmos na aula, respectar e coidar o entorno da aula, etc.) terase en conta na nota total de cada avaliación.

PROBAS ESCRITAS e ORAIS: A cualificación do alumnado realizarase preferentemente mediante o resultado das probas específicas de avaliación, e das tarefas directamente relacionadas co desenvolvemento das catro destrezas básicas que se cualificarán de acordo ao seguinte baremo:

- Comprensión oral (Listening) . . . . . 15%
- Expresión oral (Speaking) . . . . . 15%
- Comprensión escrita (Reading). . . . . 20 %
- Expresión escrita (Writing) . . . . . 20%
  
- . Gramática e Vocabulario . . . . . 30%

É requisito para aprobar a materia de inglés obter un mínimo de 2 puntos sobre 10 ( 20% ) en cada apartado.

No caso de que por algún motivo: organizativo, non se fixese a proba específica de Speaking, a porcentaxe correspondente repartiríase entre as tres destrezas restantes.

Neste curso a ponderación das distintas avaliacións para obter a cualificación final ordinaria do curso será a seguinte:

- 1ª Avaliación : 20%
- 2ª Avaliación : 30%
- 3ª Avaliación : 50%

É requisito para aprobar a materia obter unha calificación mínima de 5 sobre 10 na terceira avaliación.

A lectura do libro e os distintos projects, sexan escritos ou orais, que se podan desenvolver ao longo do curso integraránse nas cualificacións das diferentes destrezas; por exemplo, o libro na destreza Reading e se tivesen que facer unha redacción ou resumo sobre el integraría tamén na destreza de Writing. Unha exposición oral formaría parte así mesmo da destreza Speaking.

Considérase que a actitude positiva (colaboración, respecto, interés , convivencia ) inclúe valores que deben ser requisito fundamental para obter unha boa cualificación, non tanto en canto aos contidos da materia, se non ao feito de saber ser alumno e formar parte da comunidade educativa.

O alumnado que teña implementada unha ACS ( Adaptación Curricular Significativa) terá unha avaliación específica, referida e adaptada aos seus propios obxectivos e contidos mínimos.

O alumnado con TDH, TDA, TDHA, TEA... terá as adaptacións necesarias según corresponda para que a aprendizaxe se desenvolva nas mellores condicións posibles.